

Inmensa humanidade

12:47:56:16

Observei o reloxo por última vez para confirmar as miñas sospeitas antes de tomar a decisión final. Levaba máis dun día sen recibir ningún sinal desde a base terrestre nin da estación espacial internacional, coma se me tivesen dado por morto despois do incidente. Quizais era o primeiro astronauta en sobrevivir a un estoupido solar dese calibre. Non podía culpálos por teren perdido a esperanza.

–Ola? –preguntei a través do equipo, agardando a mínima indicación. Mais, par a miña desgraza, o silencio dominou todo o lugar.

Afasteime do equipo de cristais, que mostraban a infinidade de corpos do universo e a inmensidade de traxedias que nel acontecían. Xa non podía enxergar o meu fogar, a Terra, e a súa ausencia producía en min cá presenza do ser ao meu carón. As únicas memorias que mantiña do xigante azul eran as poucas plantas e bacterias que levara comigo para aquel proxecto de investigacións.

–É unha viaxe moi arriscada –dixera o meu superior–. Realmente paga a pena poñer en perigo a túa vida polo coñecemento? Vas ti só...

–Por que non descubrir o que está tan preto de nós? –respondera eu cun sorriso, emocionado pola oferta que estaba a recibir naquel momento.

Mais, agora arrepentíame desas palabras, porque se converteran nunha sentenza de morte. Alí estaba, a piques da miña fin. Nunha nave estraña, nunha situación estraña e coa compañía dun ser estraño que me fixera a mellor proposta da miña carreira científica.

Ollei de esguello o ser corpo verde, case transparente, e as súas múltiples extremidades cubertas por un material semellante á auga, dunha cor que coincidía coa do seu único ollo se meniña. Estaba alí, no meu catre, agardando a que eu rematase a despedida da miña vida e mirando con curiosidade as mostras vexetais terrestres.

–Acepto a proposta –anunciei finalmente con forza, case berrando.

O alienígena deu un chimpo e regalou os ollos, sorprendido polo ton da miña voz, mais sorriu ledto ante a miña afirmación. Ambos os dous íamos conseguir o que desexabamos: a súa especie tería a oportunidade de estudar un corpo humano e eu vería os maiores segredos do espazo antes de morrer.

–Estás listo? –inquiriu el mentres se achegaba a min coas mans en alto. Os seus dedos escintilaban un novo poder cuxo funcionamento eu descoñecía.

–Sempre – murmurei un intre antes de que os meus ollos estivesen pechados pola forza das súas mans. Unha corrente eléctrica conectounos e induciu no meu cerebro un estado de éxtase nos momentos previos á morte.

Fun perdendo os meus sentidos pouco a pouco. A vista, o oído, o olfacto, o gusto e o tacto deron paso a unha serie de imaxes mentais, coñecementos e experiencias que nunca vivira. As cores enchían todas as escenas e a plenitude era a sensación máis importante. Eudaimonía. Saber. Coñecemento. Experiencia. Nada parecía suficiente naquela visión iluminadora.

Pequenas bágoas esvararon polas miñas meixelas ao decatarme do fermosa que era a existencia e que tan pouco me quedaba dela. O espazo era inmenso e quedaban tantas cousas por descubrir para nós.

Toda unha inmensidade agardaba á humanidade.